

## DADAÍSMO

**OBRA: L.H.O.O.Q.**

**AUTOR: Marcel DUCHAMP (1887-1968)**

**CRONOLOXÍA: 1919**

**ESTILO: Dadaísmo**

**MEDIDAS: 19,7 cm x 12.4 cm**

**MATERIAL: Lapis sobre unha postal**



### COMENTARIO

En 1919 Duchamp xa se consagrara nos círculos do Dadaísmo e o Surrealismo con este novo concepto artístico e ese mesmo ano o artista sorprende de novo ao gran público coa súa obra *L.H.O.O.Q.* En realidade a peza non era máis que unha sinxela representación nunha postal da archicoñecida obra de Leonardo da Vinci a Gioconda, que o artista modificou debuxando sobre ela un gracioso bigote e unha pequena perilla. Seguindo o mesmo espírito dadaísta e a técnica do *ready-made*, Duchamp empregará unha tarxeta postal que reproduce a Mona Lisa para realizar o seu *L.H.O.O.Q.*, do que tirará diversas copias ao longo da súa carreira.

En *L.H.O.O.Q.*, a ollada da Mona Lisa e o seu rostro redondo non entran en conflito co acto violento de Duchamp. A barba e o bigote parecen unha conclusión. Duchamp dixo que a Mona Lisa faise un home, e non unha muller disfrazada de home, un home real. Isto apunta a un significado distinto do vandalismo, por toda a crueza das referidas letras, *L.H.O.O.Q.*, que soan en francés a frase: “ela ten o cu quente”, e en inglés a “look” (olla!). Isto non é simplemente un ataque sobre a icona da Mona Lisa, máis ben sobre a súa icona producida en masa para turistas en forma de postal, unha interpretación da mesma. Sigmund Freud tiña psicanalizada a arte de Leonardo, moitas veces inacabada, como unha sublimación da vida sexual, e segundo Freud da súa homosexualidade.

A Mona Lisa de Duchamp é unha broma freudiana. Duchamp revela, nun xesto simple, o que esconde a pintura. Pero esta non é só unha alusión a Freud, senón que Duchamp revela unha ambigüidade de xénero no corazón da estética de Leonardo, que Leonardo ve a forma do sexo masculino no feminino. Este tipo de autorretrato oculto é o que Duchamp descobre no seu *ready-made* rectificado. A súa intervención dadaísta rescata a obra mestra de Leonardo da banalidade da reprodución en masa e a retorna ao mundo privado da creación.

Ademais disto, o propio ataque aos cánones establecidos da arte, tanto no ámbito académico como popular, por medio do que parece unha gamberrada adolescente, supón unha forma de cuestionalos desde a vía máis inmediata e irreverente, pero abrindo a posibilidade dunha reflexión máis fonda. Duchamp “mancillara” unha das iconas da arte clasicista, xa que poucos cadros tiveran antes tan gran número de seguidores. A obra de Leonardo era pois a icona da arte pasada que o artista profanara coma se dunha simple caricatura se tratase. Pese ao que puidese parecer, a obra de Duchamp vai moito máis alá e está moi relacionada co concepto do *ready-made*, consagrar obxectos cotiáns coma se de grandes obras de arte se tratasen. En *L.H.O.O.Q.* a idea era xustamente a contraria, partir dunha gran peza artística para convertela en obxecto cotián, como se dunha simple caricatura se tratase.

Quizais esta revisión da Mona Lisa non sexa a obra máis significativa do artista francés, pero sen dúbida foi a máis popular de todas e a que máis fama lle aportou. En 1920 Picabia tratou de publicar na súa re-

vista dadaísta a obra de Duchamp, pero o artista atopábase en Nova York e Picabia fixo a súa propia versión baixo o título “Obra dadaísta de Marcel Duchamp”, de xeito que se antes a obra de Duchamp era famosa, agora sería mundialmente coñecida.

Realizou múltiples versións, nos anos 1930 e 1940 reproduxo por separado o bigote e a barba da súa famosa obra e na década de 1960 apareceu unha nova versión titulada *L.H.O.O.Q. rasée* (afeitada). A Gioconda pasou a converterse nunha icona, xa non da cultura artística, senón da cultura popular. Desde entón tanto artistas como os medios de publicidade realizaron un gran número de reinterpretacións da obra de Da Vinci, converténdose na obra de arte máis popular do mundo. Andy Warhol tamén fixo varias versións da Mona Lisa.